



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO CON ARCO

NORMATIVA Nº 2

**TROFEOS FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA E
OUTRAS COMPETICIÓN**



NORMATIVA Nº 2

**TROFEOS FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA E
OUTRAS COMPETICIÓN**

NORMATIVA Nº 2

TROFEOS FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA E OUTRAS
COMPETICIÓNS

ÍNDICE:	Páxina
ÍNDICE	2
I.- <u>COMPETICIÓNS</u>	3
I.A.- TROFEO FEDERACIÓN – XUNTA DE GALICIA	3
1.- DEFINICIÓN E ORGANIZACIÓN	3
2.- PARTICIPACIÓN	4
3.- CALENDARIO E FORMATO DO CAMPIONATO	5
4.- MEDALLAS E TROFEOS	5
I.B.- OUTRAS COMPETICIÓNS	5
1.- DEFINICIÓN E ORGANIZACIÓN	5
2.- PARTICIPACIÓN	6
3.- CALENDARIO E FORMATO DO CAMPIONATO	6
4.- INSCRICIÓNS	6
5.- MEDALLAS E TROFEOS	6
II.- <u>CUESTIÓNS COMÚNS</u>	7
1.- UNIFORMIDADE	7
2.- DESPRAZAMENTO E HOSPEDAXE	7
3.- VARIOS	7
III.- Guión cronolóxico: APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS	8

I.- **COMPETICIÓNS**

I.A.- **TROFEO FEDERACIÓN – XUNTA DE GALICIA**

1.- DEFINICIÓN E ORGANIZACIÓN

1.1. Consideraranse TROFEOS FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA todos aqueles recoñecidos como tales pola Federación Galega de Tiro con Arco (en diante FGTA) e que, ademais, figuren no calendario oficial da mesma.

O Trofeo Federación Galega de Sala, defínese como: **“TROFEO FEDERACIÓN GALEGA “Luis Vera Moreno” – XUNTA DE GALICIA de SALA”** (Aprobado na Asamblea Xeral 25/04/2021).

1.2. Todos os TROFEOS FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA estarán organizados pola FGTA, a cal poderá solicitar a celebración polos Clubs ou calquera outro organismo ou entidade na que delegue a FGTA.

1.3. Para o desenvolvemento e celebración de cada un dos TROFEOS FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA:

- Aire Libre Arco Recurvo, Arco Composto, Arco Tradicional, Arco LongBow, Arco Espido, 50+ Home/Muller, Home/Muller, U21 Home/Muller e U18 Home/Muller, Menores de 14 anos.
- Aire Libre Arco Recurvo, Arco Composto Infantil, Alevín, Benxamín e Esquíu (Prebenxamín).
- Sala Arco Recurvo, Arco Composto, Arco Instintivo, Arco LongBow e Arco Espido (Prebenxamín) 50+ Home/Muller, Home/Muller, U21 Home/Muller e U18 Home/Muller, Menores de 14 anos.
- Sala Arco Recurvo e Arco Composto Infantil, Alevín, Benxamín e Esquíu.

Atenderase ao establecido nesta Normativa, ás circulares de cada convocatoria e ao que establezan os Regulamentos e Normativas de WA e RFETA.

1.4. Para que a un Club, Delegación ou entidade se lle conceda o desenvolvemento dun TROFEO FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA, deberá presentar a súa candidatura á Asemblea Xeral nas condicións que se soliciten. Se máis dun Club, Delegación ou entidade presenta a súa candidatura, a elección farase mediante votación dos asistentes, por maioría simple. A estes efectos a FGTA disporá dun protocolo de condicións mínimas a cumprir que firmarán ambas entidades (Ver Modelo de Protocolo).

1.5. No caso de non haber candidaturas, a FGTA poderá contactar con algún Club ou entidade para a súa celebración, ou ben asumila directamente.

1.6. A entidade colaboradora comprometerase a cumprir co establecido nesta Normativa, o Protocolo de organización e na circular de convocatoria correspondente. En caso de non cumprir co establecido reterase a eventual subvención da FGTA. A subvención aboarase antes ou despois da celebración do Campionato, segundo estableza a FGTA e o club organizador. A documentación da competición (actas e resultados) deberá estar en poder da FGTA.

1.7. A FGTA designará o Comité Técnico do Campionato, podendo a entidade colaboradora propoñer os Xuíces e o Director de Tiro. Os gastos de desprazamento e manutención de dito Comité Técnico correrán a conta da FGTA.

1.8. A FGTA nomeará un Comité de Apelación para cada Campionato, con competencias segundo as normativas da WA e da RFETA.

2.- PARTICIPACIÓN

- 2.1. Poderán participar nos TROFEOS FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA os/as arqueiros/as con licenza tramitada a través da FGTA. No caso de quedar postos de tiro vacantes poderanse ocupar con arqueiros/as con licenza de calquera outra Federación recoñecida pola WA.
- 2.2. Os/As arqueiros/as con licenza tramitada a través da FGTA poderán inscribirse nos TROFEOS FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA na clase á que pertencen, así como en calquera de clase superior, excepto na de Veteranos. Os/As arqueiros/as veteranos poderán participar como Sénior se esta clase está convocada.
- 2.3. O número de arqueiros/as estará limitado pola capacidade das instalacións. O Club, ou entidade colaboradora, comunicará o número exacto antes da emisión da circular correspondente.
- 2.4. O número mínimo de inscritos para que nunha categoría se poida proclamar un/ha gañador/a no TROFEO FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA será de tres (3). Os menores de 14 anos, dependentes exclusivamente da FGTA, competirán en categoría mixta (Trofeo Federación Unificado) agás no caso de ter 3 ou máis participantes de cada xénero que entón tirarán homes e mulleres por separado, tendo opcións tod@s a un título oficial da FGTA, e por ende un recoñecemento ao seu esforzo.

ACLARACIÓN:

Ao cerre das inscricións, de “pre benxamines ou esquío”, “benxamines”, “alevins” e “infantis”, onde os “grupos” de rapaces o rapazas:

- *Independentemente do xénero, se un dos dous “grupos” ten menos de 3 compoñentes, farase un so grupo, denominarse “mixto unificado”. Sempre e cando teña un mínimo de 3 participantes, terán pódium, pero non recoñecemento de clasificación do seu xénero. A súa puntuación si será considerada para o que proceda cas normativas e posible récord.*

- *Unha vez pechada ad inscricións e emitidos los listados dos inscritos:*

- *Se produce unha baixa antes do comenzo da competición nun dos grupos con 3 deportistas. Quedan sen facer eliminatorias e polo tanto pódium.*

Se produce unha baixa antes de comenzo a competición nun grupo que teña 1/4 o mais, mantense o programa das eliminatorias con pases directos por dita circunstancia, axustándose á normativa.

Na medida do posible, se o programa i@nseo o permite, conservaranse os deportistas non presentados, cunha puntuación de “0”.

- 2.5. Os/As Primeiros/as, Segundos/as e Terceiros/as Clasificados/as de cada categoría serán proclamados ao finalizar cada Trofeo. As distintas clasificacións dos Trofeos realizarase baixo as normas da WA e da RFETA en vigor.
- 2.6. Terá dereito a participar para revalidar o seu título o/a Gañador/a vixente do TROFEO FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA, independentemente do ranking e das puntuacións conseguidas. Tamén terán dereito a participar no TROFEO FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA, independentemente do ranking e das puntuacións conseguidas, os/as arqueiros/as incorporados/as ás disciplinas da RFETA dadas as súas especiais características.

3.- CALENDARIO E FORMATO DO CAMPIONATO

- 3.1. O calendario e formato do Campionato Galego determinarase na Asemblea Xeral, e detallaranse na circular da convocatoria.
- 3.2. A competición en aire libre será unha Serie WA 2 x 70 / 2 x 50 metros ou a que indique o regulamento WA, RFETA ou FGTA; e en Sala unha Serie WA 2 x 18 metros.
- 3.3. Nos TROFEOS FEDERACIÓN GALEGA – XUNTA DE GALICIA non se celebrarán Series Eliminatorias.
- 3.4. Na convocatoria especificarase o número de frechas que se tirarán por quenda, no caso de que o regulamento permita distintas opcións.

4.- MEDALLAS E TROFEOS

- 4.1. Outorgaranse trofeos ou medallas aos/ás tres (3) primeiros/as clasificados/as de cada categoría, indicando a súa clasificación (Primeiro/a, Segundo/a e Terceiro/a Clasificado/a), sempre que se cumpra o disposto no artigo [2.4.]

Na categoría de menores, entregarase diploma a todos os participantes que non obteñan trofeo ou medalla.

Nas Categorias menores de 14 que tiren o Campionato Galego Unificado de dita categoría os tres primeiros clasificados recibirán trofeos ou medalla acreditativa indicando a súa clasificación (Campión/a, Subcampión/a e Terceiro/a Clasificado/a).

- 4.2. En caso de retirada non xustificada do Campionato, non se terá dereito a ningún premio.

I.B.- OUTRAS COMPETICIÓNS

1.- DEFINICIÓN E ORGANIZACIÓN

- 1.1. A FGTA poderá organizar outras competicións indicadas no calendario da RFETA, en colaboración cos clubs ou entidades que o soliciten.
- 1.2. A FGTA organizará as clasificatorias previos aos distintos Campionatos de España en colaboración cos clubs ou entidades que o soliciten, no caso de seren necesarios.
- 1.3. As tiradas clasificatorias terán o formato que se indique na circular correspondente.
- 1.4. Para que un club ou entidade colabore no desenvolvemento dunhatirada clasificatoria, deberá asinar un protocolo coa FGTA.
- 1.5. A entidade colaboradora comprometerase a cumprir co establecido nesta Normativa, no Protocolo de organización e na circular de convocatoria correspondente. En caso de non cumprir co establecido reterase a eventual subvención da FGTA. A subvención aboarase antes ou despois da celebración do Campionato, segundo estableza a FGTA e o club organizador e a documentación da competición (actas e resultados) deberá estar en poder da FGTA.
- 1.6. Nestas competicións non haberá trofeos nin medallas para os participantes, salvo que o club organizador coa autorización da FGTA así o decidise, quedando estes trofeos a cargo de dito club.

2.- PARTICIPACIÓN

- 2.1. Poderán participar nestas competicións os/as arqueiros/as con licenza tramitada a través da FGTA. No caso de quedar postos de tiro vacantes poderanse ocupar con arqueiros/as con licenza da RFETA ou de calquera outra Federación recoñecida pola WA.
- 2.2. O número de arqueiros/as estará limitado pola capacidade das instalacións. O Club, ou entidade colaboradora, comunicará o número exacto antes da emisión da circular correspondente.
- 2.3. Tamén terán dereito a participar, independentemente do ranking e das puntuacións conseguidas, os/as arqueiros/as incorporados/as ás disciplinas da RFETA dadas as súas especiais características.

3.CALENDARIO

O calendario será o que se estableza na Asemblea Xeral da FGTA e/ou no calendario da RFETA.

4.INSCRICIÓNS

- 4.1. A solicitude de inscrición os campionatos realizaranse mediante a plataforma electrónica para tal fin o similar asignada pola FGTA ou outro método indicado polo club organizador e aprobado pola FGTA para a realización das inscricións e que se indicará na circular de convocatoria do campionato.
- 4.2. A inscrición realizarase cubrindo todos os datos do formulario existente na plataforma de inscrición.
- 4.3. O prazo de inscrición anunciarase oportunamente na circular do Campionato correspondente, finalizando dez (10) días antes da data da competición.
- 4.4. No caso de que o número de inscricións supere a capacidade da liña de tiro, as prazas asignaranse por orde de inscrición dos Clubs, asignándolles un mínimo de tres prazas a cada club.
- 4.5. O/A arqueiro/a inscrito/a poderá renunciar a participar ou modificar a categoría na que se inscribe ata un (1) día antes do fin da inscrición. No caso de non facelo ou non presentarse á competición non terá dereito a devolución da inscrición, excepto por causas de forza maior debidamente acreditadas.
- 4.6. Non se admitirán inscricións de arqueiros/as que non teñan a súa Licenza en vigor antes de efectuar a inscrición.

5.- MEDALLAS E TROFEOS

- 5.1. Outorgaranse trofeos ou medallas aos/ás tres (3) primeiros/as clasificados/as de cada categoría, indicando a súa clasificación (Primeiro/a, Segundo/a e Terceiro/a Clasificado/a), sempre que se cumpra o disposto no artigo [2.4.]
- 5.2. Na categoría de menores, entregarase diploma a todos os participantes que non obteñan trofeo ou medalla.
- 5.3. Nas Categorias menores de 14 que tiren o Campionato Galego Unificado de dita

categoría os tres primeiros clasificados recibirán trofeos ou medalla acreditativa indicando a súa clasificación (Campión/a, Subcampión/a e Terceiro/a Clasificado/a).

5.4. En caso de retirada non xustificada do Campionato, non se terá dereito a ningún premio.

II.- CUESTIÓNS COMÚNS

1. UNIFORMIDADE

- 1.1. Aplicarase o regulamento da WA e da RFETA en vigor. Estarán prohibidos os pantalóns vaqueiros e/ou roupa de rúa. O seu uso conlevará a descalificación do/a arqueiro/a desa competición.
- 1.2. Todos os participantes poderán levar prendas distintivas dos seus Clubs, podendo levar a publicidade que desexen.
- 1.3. O/A Capitán/a, Adestrador/a ou Delegado/a dun Club poderá levar tamén algunha prenda distintiva do seu Club, así como publicidade se así o desexa. Sendo de aplicación o regulamento da WA e da RFETA en vigor.

2. DESPRAZAMENTO E HOSPEDAXE

Todas as xestións, gastos de desprazamento, hospedaxe e manutención estarán a cargo e serán responsabilidade dos/as propios/as arqueiros/as e monitores. A FGTA e o Club, ou entidade colaboradora, non se responsabilizan, baixo ningún concepto, dos problemas que se poidan ocasionar por esta cuestión, nin polos servizos recomendados polo organizador na convocatoria.

3. VARIOS

- 3.1. Calquera cuestión non contemplada nesta Normativa será resolta pola Directiva da FGTA, e posteriormente trasladada á Comisión Delegada para a súa ratificación, se procede.
- 3.2. Para o TROFEO FEDERACIÓN GALEGA “Luis Vera Moreno” – XUNTA DE GALICIA de Sala solicitarase á RFETA o recoñecemento como proba clasificatoria para o ranking RAUS clasificatorio para o Campionato de España.
- 3.3. Os resultados das probas seleccionadas para ranking RAUS serán remitidos á RFETA.
- 3.4. Cando esta normativa soamente se adapte a normativa WA ou RFETA, será exposta a súa revisión e aprobación pola Comisión Delgada, sen a necesidade da súa aprobación pola Asamblea Xeral, poñendo en coñecemento da mesma a os federados a través dos seus Clubs e na Web da FGTA.

Pontevedra, 20 de agosto de 2022
El presidente de la FGTA

III.- Guión cronolóxico: APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS

8

- Normativa aprobada pola Asemblea Xeral do 9 de abril del 2006
- Modificada na Asemblea Xeral do 1 de abril de 2007
- Modificada na Asemblea Xeral do 13 de abril de 2008
- Modificada na Asemblea Xeral do 05 de abril de 2009
- Modificada na Asemblea Xeral do 25 de abril de 2010
- Modificada na Asemblea Xeral do 10 de abril de 2011
- Modificada na Comisión Delegada do 27 de novembro de 2011
- Modificada na Asemblea Xeral do 22 de abril 2012
- Modificada na Asemblea Xeral do 20 de abril 2013
- Modificada na Asemblea Xeral do 28 de marzo de 2015
- Modificada na Asemblea Xeral do 23 de abril de 2016
- Modificada na Asemblea Xeral do 27 de abril de 2019
- Modificada na Asemblea Xeral do 31 de agosto de 2019
- Modificada na Comisión Delegada do 17 de outubro de 2019
- Modificado na Comisión Delegada do 17 de abril de 2022 – Ratificada A.X 23/04/22
- Modificada na Comisión Delegada do 15 de agosto de 2022 – Ratificada A.X 20/08/22